

**PLAN ESTRATÉGICO
DE INTERMÓN OXFAM
2007-2017**



Esiximos xustiza



Que é isto?

Esiximos xustiza é o título do Plan Estratéxico que elaboramos en Intermón Oxfam para o decenio comprendido entre 2007 e 2017. Neste documento, preséntanse os ámbitos nos que traballaremos durante este período de tempo.

O obxectivo principal e elemento nuclear deste Plan Estratéxico é conseguir que todas as persoas poidan exercer plenamente os seus dereitos fundamentais para pór fin á inxustiza e á pobreza.

Seguindo a pauta establecida polo Plan Estratéxico de Oxfam Internacional, co que o noso Plan encaixa completamente, o noso labor encádrase no compromiso de facer efectivos os cinco **dereitos fundamentais das persoas**, que son: *o dereito a dispor de medios de vida sostibles, o dereito a dispor dos servizos sociais básicos, o dereito á vida e á seguridade, o dereito a ser escoitado e o dereito á propia identidade.*


Para isto, temos por diante dez anos nos que pugnaremos por levar a cabo os obxectivos que nos propuxemos, de acordo coa nosa misión: *“Intermón Oxfam somos persoas que loitamos, con e para as poboacións desfavorecidas e como parte dun amplo movemento global, co obxectivo de erradicar a inxustiza e a pobreza, e para conseguir que todos os seres humanos poidan exercer plenamente os seus dereitos e gozar dunha vida digna”.*

Unha moza transporta comida no campo de refuxiados de Djabal, no este de Chad, onde viven 15.000 persoas que fuxiron da violencia en Darfur (Sudán).



O mundo que nos rodea

- **En termos xerais, conséntase que, aínda que se reduce a pobreza, aumenta a desigualdade.** Os éxitos no campo do desenvolvemento do ser humano non son os mesmos nos diversos países nin no seo destes e tampouco son iguais para mulleres e homes.
- **As institucións internacionais non conseguen facer efectivos os seus propósitos,** principalmente por falta de vontade política dos Estados membros e polo predominio dos países poderosos.
- **Os equilibrios de poder están a mudar rapidamente.** Como exemplo, países como Brasil, Rusia, India e China teñen agora un papel moito máis destacado no concerto internacional do que tiñan hai uns anos.
- **Esténdese o movemento mundial a favor do cambio.** En todo o mundo crece sen cesar o número de quen reclaman que non se violen os dereitos humanos e que piden que gañemos a batalla contra a pobreza e a inxustiza.
- En España, **aumentou a axuda pública e privada, mais aínda hai que avanzar moito en calidade,** se queremos contribuír eficazmente á erradicación da pobreza.
- **A sociedade esíxenos cada vez maior transparencia e rendemento de contas** das nosas actuacións. Crece a nosa capacidade de impacto na opinión pública e **aumenta o número de persoas implicadas,** mais tamén crece a esixencia social de rigor e boas prácticas.



Unha veciña do barrio de Capotillo en Santo Domingo (República Dominicana) aplaude contenta logo do éxito dun simulacro de evacuación. Reforzar as capacidades das persoas para previr e reducir os riscos dos desastres naturais é prioritario neste Plan Estratéxico.

Esiximos xustiza: o noso compromiso fundamental

A persistencia da pobreza e da inxustiza no mundo é unha situación que nos indigna e que debe e pode cambiarse. Hai que cuestionar as políticas e prácticas inxustas, tanto nacionais como internacionais, e insistir en que se respecten os dereitos dos pobos e dos individuos. Se unimos forzas e obramos xuntos xa, poderemos conseguir un mundo no que reine a xustiza e no que desapareza a pobreza.

O obxectivo central do noso Plan Estratéxico, ao igual que o de Oxfam Internacional, é o seguinte:

“Xunto coas nosas contrapartes e aliados, traballaremos solidariamente coas persoas que viven na pobreza, especialmente coas mulleres, para que exerzan os seus dereitos e fagan valer plenamente a súa dignidade como cidadáns. Apoiáremolos para que poidan esixir ós gobernos, ás empresas e ás organizacións internacionais (incluída Intermón Oxfam) que rendan contas das súas responsabilidades e muden as regras globais e nacionais que perpetúan a pobreza, a inseguridade e a iniquidade.

Apoiaremos ás organizacións locais, nacionais e internacionais, así como ós movementos sociais de cidadáns activos, para esixir xustiza, incluída a xustiza de xénero, e para que muden as ideas, crenzas, políticas e prácticas co fin de conseguir que as persoas teñan unha vida mellor”.

En outubro de 2006, máis de 7.000 persoas tomaron as rúas de Managua, en Nicaragua, para pediren ao Fondo Monetario Internacional que remate coas restricións que impón ao seu Goberno. “O pobo esixe máis cartos para saúde e educación” foi unha das consignas da marcha.



Este Plan Estratéxico ratifica o enfoque de dereitos como a base do traballo de todos os afiliados de Oxfam Internacional e define cinco eixes estratéxicos que serán postos en marcha tanto no ámbito internacional como no nacional e no local para avanzar na consecución dos nosos propósitos baseados nos dereitos humanos. Estes cinco eixes son:

- 1. Xustiza económica**
- 2. Dereito a servizos sociais básicos de calidade**
- 3. Acción humanitaria**
- 4. Dereitos das mulleres**
- 5. Cidadanía e gobernabilidade**

Cada un destes cinco grandes eixes externos define as mudanzas que queremos obter na vida das persoas mediante o pleno exercicio dos seus dereitos económicos, sociais, culturais e políticos, así como a transformación que perseguimos nas políticas, prácticas, ideas e crenzas de diferentes actores: gobernos, sociedade civil, organizacións, comunidades e persoas.

Para asegurar o cumprimento dos obxectivos que se propoñen estes eixes externos, traballaremos nos seguintes eixes internos:

- 6. Identidade e crecemento institucional**
- 7. Impacto, rendición de contas e aprendizaxe**
- 8. Persoas e procesos**

O novo Plan Estratéxico é o marco orientador que deberá guiar o noso traballo do día a día e a referencia para valorar os avances que vaiaos conseguindo.



Os nosos obxectivos para este Plan Estratéxico

O noso obxectivo para os próximos dez anos é contribuir a conseguir que todas as persoas poidan exercer plenamente os seus dereitos fundamentais para pór fin á pobreza e á inxustiza.


En Intermón Oxfam, como parte do movemento de cidadanía global, traballaremos no Norte e no Sur para que todas as persoas do mundo coñezan os seus dereitos e obrigas e poidan reclamálos e exercelos sen trabas.

Apoiaremos os esforzos das organizacións da sociedade civil que persigan cambios no marco lexislativo que estean orientados a alcanzar unha maior transparencia e acceso á información e á participación. Traballaremos para que os gobernos asuman que teñen unha responsabilidade fundamental na loita contra a pobreza.

Con respecto ao sector privado, centrarémonos en conseguir que as empresas sexan socialmente responsables e que sexan rexidas polas normas internacionais básicas. Ademais, traballaremos para que apliquen mecanismos de participación e que sexan transparentes respecto da súa actividade, do seu impacto e das súas relacións financeiras cos Estados.

Queremos asegurar que o enfoque de xénero impregne a definición e aplicación dos dereitos civís, políticos, económicos e sociais. Un elemento clave do noso labor a favor da xustiza de xénero será desafiar e modificar actitudes e crenzas, o actual sistema de acceso e control dos recursos, e certas prácticas, políticas, leis e institucións, así como todas aquelas barreiras que incapacitan ás mulleres para esixiren e exerceren plenamente os seus dereitos.

Reforzaremos as nosas capacidades para realizar unha resposta humanitaria integral, coordinada cos demais membros de Oxfam Internacional.

A photograph showing a woman in a colorful striped shirt holding a baby. In the background, other people are visible, suggesting a community or public setting. The text is overlaid on the left side of the image.

O río Coco, na fronteira entre Honduras e Nicaragua, desbordouse a mediados de 2005 provocando unha praga de ratas que comeu entre o 75% e o 80% das colleitas. Marta foi unha das beneficiarias da nosa actuación para paliar a fame grande e as enfermidades que se derivaron da praga.

Que nos move?

1. XUSTIZA ECONÓMICA

O noso obxectivo:

Máis mulleres e homes, no campo e na cidade, exercerán o dereito a dispor de medios de vida seguros e sostibles, froito tamén dun reparto máis xusto da riqueza.

Para alcanzar este obxectivo, en Intermón Oxfam:

- **Traballaremos para conseguir unha maior equidade na distribución da riqueza**, dotando de medios a mulleres e homes para poderen exercer os seus dereitos económicos e esixindo a rendición de contas ás entidades que deben garantilos. En concreto, unha das nosas metas centrais é que os países pobres e as súas poboacións accedan a unha parte xusta dos beneficios e das oportunidades creadas polo comercio internacional.
- **Impulsaremos estratexias que busquen a protección e promoción de medios de vida sostibles, especialmente a agricultura**, para a poboación máis pobre e que permitan equilibrar as diferenzas entre homes e mulleres.
- **Fomentaremos o emprego digno**, en especial das mulleres, esixindo o recoñecemento e respecto polos dereitos laborais segundo os estándares internacionais.
- **Traballaremos para reducir as consecuencias do cambio climático** sobre os medios de vida da poboación máis pobre.

Os pequenos campesiños do Sur non poden vivir do seu traballo, se non mudan as regras comerciais actuais. Estamos con eles para que resistan ás presións dos países ricos e das grandes empresas e poidan saír da pobreza.



2. DEREITO A SERVIZOS SOCIAIS BÁSICOS DE CALIDADE

O noso obxectivo:

Alcanzaranse as metas dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio referidos a servizos sociais básicos, o que permitirá ás persoas que viven na pobreza, especialmente a mulleres e nenas, exercer o seu dereito a dispor de servizos accesibles e alcanzables de educación, abastecemento de auga, saneamento e saúde.

Para alcanzar este obxectivo, en Intermón Oxfam:

- **Concentraremos o noso traballo en que os Estados asuman o seu papel de garantes do dereito a dispor de servizos sociais básicos accesibles e de calidade.**
- **Apoiaremos medidas económicas, globais e nacionais, de redistribución da riqueza que permitan aos Estados dispor dos recursos necesarios para prestaren eses servizos.**
- **Apoiaremos iniciativas que contribúan para garantir unha xestión transparente e participativa deses servizos.**
- **Contribuiremos, no terreo das ideas e crenzas, a asentarmos o principio da educación como dereito universal.**
- **Apoiaremos directamente e de forma exemplar a prestación do servizo de educación, especialmente para mulleres e nenas, mediante iniciativas integradas nos plans estatais que reforcen e complementen o seu traballo.**



A traballadora comunitaria Sangueta Pardeh, de 33 anos, asiste a unha muller embarazada no seu domicilio. A falta de personal sanitario en moitos países é un dos factores clave que impiden o acceso a servizos de saúde ao que facemos fronte cos nosos programas.


3. ACCIÓN HUMANITARIA

O noso obxectivo:

Nas crises humanitarias, mulleres e homes terán aseguradas a protección e a asistencia necesarias, con independencia de quen sexan, onde vivan ou como fosen afectados, de forma que se garantan os seus dereitos humanos.

Para alcanzar este obxectivo, en Intermón Oxfam:

- **Desenvolveremos a nosa capacidade institucional para dar unha resposta integral** e de calidade ás crises humanitarias, incluíndo programas de resposta, accións de incidencia política e traballo de comunicación. Faremos especial fincapé na atención e na protección adecuada e suficiente que precisan as mulleres neste tipo de situacións.
- **Impulsaremos a mitigación dos efectos dos desastres naturais**, realizando un labor de redución de riscos. Para isto, abordaremos as causas subxacentes da vulnerabilidade e comprometeremos ós gobernos para que elaboren e poñan en práctica plans de preparación e protección ante desastres.
- **Incrementaremos o noso traballo de incidencia política** e estableceremos un marco de traballo que dea maior consistencia ás nosas mensaxes, entre as que poremos unha énfase especial nos conflitos armados. Apostaremos de forma decidida pola mobilización co fin de mudar ideas e crenzas sobre as crises humanitarias.



Tras as inundacións en Mozambique a principios do 2007, distribuímos auga potable e construímos instalacións sanitarias no campo de desprazados de Chupanga, onde milleiros de persoas se instalaron ao perderen as súas casas.

4. DEREITOS DAS MULLERES

O noso obxectivo:

En 2017 un maior número de mulleres dos países onde traballamos gañan control sobre as súas propias vidas, acceden e controlan recursos e ingresos estables e os seus dereitos teñen maior recoñecemento a diferentes niveis (desde o medio familiar ata os ámbitos político e lexislativo), mediante o aumento da capacidade de participación e toma de decisións das organizacións de mulleres en diferentes espazos políticos, sociais e económicos.

Para alcanzar este obxectivo, en Intermón Oxfam:

- **Fortaleceremos as organizacións e movementos de mulleres como actores de cambio**, apoiando o desenvolvemento da súa capacidade de liderado en diferentes espazos sociais, económicos e políticos e potenciando as súas oportunidades de aprendizaxe.
- **Promoveremos a cooperación entre organizacións de mulleres**, a fin de vincular os ámbitos sobre os que queren traballar e as mobilizacións locais coas estratexias de incidencia política dos ámbitos nacional e internacional.
- **Incorporaremos a perspectiva de xénero no deseño, execución e avaliación de todas as nosas estratexias, políticas e accións.**

Zakia Mrini, presidenta dunha das nosas contrapartes en Marrocos, modera o debate sobre o papel da muller na sociedade marroquina. O noso compromiso é que, como ela, cada vez máis mulleres dos países en desenvolvemento asuman un papel de liderado e poidan exercer os seus dereitos.




5. CIDADANÍA E GOVERNABILIDADE

O noso obxectivo:

Intermón Oxfam contribuirá á construción dun movemento cidadán global con capacidade para esixir xustiza aos gobernos e ao sector privado, e o establecemento dun medio privado e público favorable para o exercicio dos dereitos dos cidadáns e cidadás.

Para alcanzar este obxectivo, en Intermón Oxfam:

- **Fortaleceremos a capacidade dos titulares de dereitos para reclamaren o pleno exercicio dos mesmos**, fomentando o crecemento dunha mobilización social, no Norte e no Sur, que estea orientada á construción dunha cidadanía global consciente dos seus dereitos e das súas obrigas.
- **Avogaremos para que nos países onde traballamos se verifiquen as condicións de institucionalidade democrática e dereitos civís e políticos necesarios para poder exercer a cidadanía.**
- **Contribuiremos ao fortalecemento dos movementos sociais para que sexan percibidos como lexítimas expresións da democracia.**
- **Reclamaremos que os garantes de dereitos -gobernos e sector privado- asuman as súas responsabilidades no goce dos mesmos, especialmente a responsabilidade básica na loita contra a pobreza.**



A sociedade civil organizada e consciente dos seus dereitos e responsabilidades é clave para o cambio, como os comités de saúde dos slums (barrios marxinais) de Pune, India (na foto, unha xuntanza recente), cos que traballa o Insitutute of Health Management Pachod (IHMP).

Como o faremos posible?

6. IDENTIDADE E CRECEMENTO INSTITUCIONAL

O noso obxectivo:

Reforzaremos e consolidaremos a nosa identidade como organización que traballa con calidade, eficacia e de forma integral, nos ámbitos nacional e internacional, a través da cooperación ao desenvolvemento, a acción humanitaria, o comercio xusto, a mobilización, a sensibilización e a educación en valores.

Para alcanzar este obxectivo, en Intermón Oxfam:

- **A partir do reforzo e da consolidación da nosa identidade**, queremos atraer á sociedade ao noso proxecto institucional, para que nos apoie e tamén para poder contribuir de forma máis decisiva ao impulso de Oxfam Internacional e os obxectivos que comparte.
- **Aspiramos a continuar a crecer de forma regular e sostida, ao mesmo tempo que responsable**, para dar resposta axeitada aos desafíos que nos formulan a pobreza e a inxustiza.
- **Tamén queremos que o crecemento sexa coherente coa nosa identidade**, para conseguirmos así contribuir máis e mellor para mellorar a vida das poboacións coas que traballamos, no cumprimento da nosa misión.



Os nosos valores e identidade impulsan o noso crecemento, para seguirmos mudando ao carón dos que sofren a pobreza e apoiándoos para esixir os seus dereitos. Na foto, unha das nosas cooperantes acompaña a Faté Yasín, de 42 anos, e ás súas compañeiras, a buscar auga en Etiopía.


7. IMPACTO, RENDIÇÃO DE CONTAS E APRENDIZAXE

O noso obxectivo:

Queremos ser unha organización que xera e demostra cambios na vida das persoas a través dos cambios concretos en políticas, prácticas, ideas e crenzas que promoven as nosas accións.

Para alcanzar este obxectivo, en Intermón Oxfam:

- **Realizaremos análises e investigacións sobre os temas máis relevantes e con maior potencial para erradicar a pobreza e a inxustiza** que guíen a selección e a orientación das nosas accións.
- **Desenvolveremos as nosas propias capacidades e as das nosas contrapartes e aliados** para asegurar a calidade técnica e metodolóxica, así como o rigor nos principios aplicados, na selección de prioridades, deseño de estratexias e a súa posta en marcha.
- **Melloraremos o noso sistema de seguimento e avaliación institucional**, co fin de evidenciar a contribución das nosas accións aos cambios en políticas, prácticas, ideas e crenzas.
- **Reforzaremos os mecanismos que nos permiten incorporar a aprendizaxe**, propia e doutros actores, para orientar as nosas intervencións e incrementar a súa eficacia, calidade e coherencia.
- **Prestaremos especial atención á rendición de contas das nosas actuacións**, orientándoa a dar resposta ás necesidades de cada un dos nosos grupos de colaboradores.



Xornada de traballo na nosa oficina en Chad, facendo o seguimento e a avaliación das accións que realizamos xunto ás nosas contrapartes no terreno.

8. PERSOAS E PROCESOS

O noso obxectivo:

Aseguraremos que o equipo humano de Intermón Oxfam pode desenvolverse no marco do Plan Estratéxico Institucional e alcanzar os seus obxectivos mediante un traballo de calidade, de forma eficaz e eficiente, e identificándose plenamente cos nosos valores.

Para alcanzar este obxectivo, en Intermón Oxfam:

- **Traballaremos e reforzaremos a nosa cultura como organización**, integrando a diversidade de voces dos nosos membros para contar cunha pluralidade interna que asegure e potencie o futuro da institución e do equipo, e preserve a identidade e os valores de IO.
- **Orientarémonos ás persoas**. A institución asume que o seu equipo humano é un dos seus grandes valores e pon os medios necesarios para potencialo. Todo o equipo comparte os valores, a misión e a visión de Intermón Oxfam..
- **Impulsaremos e reforzaremos a calidade no traballo**. Contamos cunha estrutura organizativa, metodoloxía de planificación, políticas, procesos e ferramentas de xestión coherentes coas nosas características e necesidades e as de Oxfam Internacional e do contexto, orientadas ás boas prácticas e que facilitan o bo goberno da institución.

O equipo humano de Intermón Oxfam, constituído por voluntarios en máis do 75%, é un reflexo da nosa diversidade e riqueza, unha peza clave para facer realidade as aspiracións deste Plan Estratéxico.



A modo de resumo

As persoas que formamos Intermon Oxfam cremos que é posible un mundo no que homes e mulleres -dotados dos mesmos dereitos e deberes e podendo exercer esa igualdade de xeito efectivo- disporán dos recursos e das oportunidades para levar unha vida digna e para se desenvolver como individuos e como membros activos das súas comunidades.

Este Plan Estratéxico Institucional 2007-2017 é unha ferramenta clave para avanzar no camiño cara ese mundo ao que aspiramos. O noso PEI é un instrumento de cambio, no que definimos, en forma de metas e resultados concretos, os pasos que imos ir dando durante estes dez anos para contribuír á construción dun mundo sen pobreza e libre de inxustiza; un camiño que non facemos sós, senón da man das persoas e das organizacións que comparten o noso mesmo compromiso.

Este PEI é un convite entusiasta para que vos unades a este gran movemento global polo cambio do que Intermon Oxfam forma parte. Xuntos faremolo posible.

Para máis información sobre Intermon Oxfam, o seu enfoque estratéxico e as súas actuacións, podes consultar **www.IntermonOxfam.org**

Estas rapazas de República Dominicana son o futuro do seu país. Xuntos podemos conseguir os cambios necesarios para que ese futuro sexa mellor.





Foto portada: **Un grupo de mozos levanta as súas mans en Mauritania para esixir os dereitos das mulleres. Con millóns de persoas como eles *Esiximos xustiza*.**

Oficinas países

ANGOLA

Bairro da Maianga
Rua Fernandes Vessimo da Costa
ns.33/35/37
(Ex rua Egas Moniz)
LUANDA
Tels: 244-222-354-577 / 244-222-352-965 /
244-222-356-263

BENIN

Fundación Intermón Oxfam
Av.Amelco (Quartier Haie Vive)
04 BP 171
COTONOU
Tels: 229-21-30-04-50 / 229-21-30-30-37

BOLIVIA

Av. Libertador Bolívar, 1803 (3er piso)
Entre plazuela de Calacala y Av. América
COCHABAMBA
Tels: 591-4-44008544 / 591-4-4124753

BURUNDI

BP 92
BUJUMBURA
Tels: 257-940-164 / 257-859-000

BURKINA FASO

10 BP 13491
OUAGADOUGOU 10
Tel: 226-50-362-023

BRASIL

Rua Dr. Silva Ferreira, 122
Santo Amaro
CEP 50-040-130
Recife
PERNAMBUCO
Tel: 55-81-32315449

COLOMBIA

Calle 59 nº 6-31
Edificio La Pradera, Oficina 201
Chapinero Alto
BOGOTÁ
Tels: 575-211-0630 / 575-211-0637

Sedes

BARCELONA. (Sede Central) Roger de Llúria, 15 - 08010

A CORUÑA. Sta. Catalina 16-20, 1º, locales B-C - 15003

BILBAO. Alameda de Urquijo, 11 - 48008

MADRID. Alberto Aguilera, 15 - 28015

SEVILLA. Méndez Núñez, 1 - 41001

VALENCIA. Marqués de Dos Aguas, 5 - 46002

ZARAGOZA. León XIII, 24 - 50008

CHAD

BP 5166
N'DJAMENA
Tels: 235-51-64-00 / 235-51-80-45

ECUADOR

Avda. de los Shyris 2312
y El Universo
QUITO
Tel: 593-2-225-62-72

ETIOPÍA

Wereda 17, Kebele 17
House N.222
Bolemedhanialeam Road
PO BOX 17732
ADDIS ABEBA
Tel: 251-116-638131

GUATEMALA

6 Avenida 6-92 Zona 9
GUATEMALA CIUDAD
Tels: 502-2334-7203 502-2334-7204

HAITÍ

4, rue Marcadieu Bourdon
PORT-AU-PRINCE
Tel: 509-245-81-22

INDIA

H003, "Krishna", Vasant Sagar
Thakur Village, Kandivali (East)
MUMBAI – 400101
Tels: 91-22-28-840-038 / 91-22-28-840-074

KENIA/ SUDÁN

Shelter Afrique House
Mamlaka Road
PO BOX 1350
Code 00606
Sarit Centre
NAIROBI
Tels: 254-20-282-03-38 / 254-20-273-04-28

MAURITANIA

lôt "S" 81, Derrière Nouakchott Optique,
Batiment Jaune Blanc, deuxième étage
à droite. BP: 1301
NOUAKCHOTT
Tel: 222-525-8551

MARROCOS

6ªA Rue Essohouli, 10000, Aviation
RABAT
Tel: 212-37-650520

MOZAMBIQUE

Rua do Parque nº 19
Bairro Sommerschield
MAPUTO
Tel: 258-21-488-742

NICARAGUA

Residencial Bolonia
Optica Nicaraguense, 1 Cuadra arriba, 1
cuadra al sur, 10 vrs. arriba.
MANAGUA
Tels: 505-2-66-40-42 / 505-2-64-34-32

PARAGUAI

Calle Mac Mahon 5391, casi República
Argentina. Villa Morra
ASUNCION
Tel: 595-21-20-60-11

PERÚ

Psj. Independencia 115, Miraflores
(Altura cuadra 10 de la C. Independencia
ó alt. Cuadra 3 de la Av. Angamos ó
alt. Cuadra 43 de Av. Arequipa)
LIMA
Tels: 51-440-9705 / 51-592-2196

REPÚBLICA DOMINICANA

C/ Josefa Perdomo, 160. Gascue
SANTO DOMINGO, D.N
Tel: 1809-687-1010

TANZANIA

PO BOX 748
MOROGORO
Tel: 255-023-3228

